



### CONCELLOS

#### BALEIRA

##### Anuncio

Habendo quedado definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos ( crédito extraordinario ), financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería do exercicio anterior, dentro do vixente orzamento municipal para o exercicio 2025, actualmente prorrogado do 2024, segundo acordo adoptado na sesión plenaria extraordinaria do 04 de xuño do 2025, polo importe total de 12.385,14 euros, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

|                                                         |              |
|---------------------------------------------------------|--------------|
| Capítulo I. Gastos de persoal .....                     | 788.930,16   |
| Capítulo II. Gastos en bens corrientes e servizos ..... | 500.694,00   |
| Capítulo III. Gastos financeiros .....                  | 5.000,00     |
| Capítulo IV. Transferencias correntes .....             | 136.380,00   |
| Capítulo VI. Inversións reais .....                     | 53.087,56    |
| Capítulo VII. Transferencias de capital .....           | 0,00         |
| TOTAL .....                                             | 1.484.091,72 |

Contra o devandito acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdicción.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baleira, 30 de xullo de 2025.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2218

### O CORGO

##### Anuncio

#### LISTA PROVISORIA ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PROCEDEMENTO SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES.

O Sr. Alcalde, o día 18 de xullo, e de conformidade co establecido na base quinta da convocatoria, ditou Resolución na que se contén a seguinte LISTA PROVISORIA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL FIXO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES polo sistema de concurso-oposición.

ADMITIDOS/AS:

| NOME E APELIDOS     | DNI       | EXAME DE GALEGO |
|---------------------|-----------|-----------------|
| LENCE FRANCO, ISAAC | **2807*** | EXENTO          |

EXCLUÍDOS/AS: NON HAI

Ábrese un prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, conforme ao disposto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que as persoas aspirantes excluídas poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, indicando que o feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar das súa participación no procedemento.

O Corgo, 29 de xullo de 2025.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2219

### *Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía aprobáronse as bases que de seguido se transcriben:

**BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A A MEDIA XORNADA (1 CONSERXE PARA O CEIP) QUE PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA TEMPORAL DE REFORZO DO EMPREGO NO CEIP DO CORGO, FINANCIADO POLO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025.**

#### **PRIMEIRA. NORMATIVA APLICABLE E OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións: Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, NA Lei 20/2021 de 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, a garantía da estabilidade no emprego e na transformación do mercado de traballo, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; e o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do estado e demais disposicións aplicables.

#### **SEGUNDA. OBXECTO**

Cómpre ter unha persoa que colabore nas funcións de mantemento do colexio e boa orde, polo que será obxecto deste convocatoria a selección dun funcionario/a interino/a, a media xornada, dun conserxe cunha duración máxima de 10 meses, para o desenvolvemento do programa temporal: **PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO NO CEIP DO CORGO, FINANCIADO POLO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025.**” do plan de cooperación cos concellos da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2025, para a execución de tarefas relacionadas co posto de traballo. Esta convocatoria enmarcase dentro do referido programa coa finalidade de mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral ó amparo da disposición adicional 9ª do Real decreto lexislativo 3/2015, de 23 de outubro. Unha vez rematado programa finalizará a interinidad, que en todo caso non excederá do 31 de outubro de 2026.

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de:

- 1 conserxe

Nesta mesma liña, e co fin de non interromper o programa de reforzo de emprego do plan de cooperación para o 2025, aqueles candidatos/as que obteñan a puntuación mínima esixida na base 5ª, pero que non acaden a puntuación precisa para ser propostos para a contratación por esta entidade, pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas ou substitucións que terá vixencia durante a duración deste programa.

No suposto de que o candidato seleccionado renuncie antes da toma de posesión ou unha vez nomeado, dimita o concello notificará ó seguinte candidato seleccionado segundo a orde de puntuación para nomealo funcionario interino nos termos anteriormente expresados

Este programa estará financiado a cargo da Deputación Provincial de Lugo, **PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO NO CEIP DO CORGO, FINANCIADO POLO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025.**”

### TERCEIRA.- FUNCÍONS DAS PERSOAS A CONTRATAR

#### **3.1.- CONSERXE**

Este persoal prestará apoio ó colexio e concello, realizando as labores precisas para acadar o cumprimento de servizos municipais mínimos e a realización de tarefas esenciais, tales como recollida de chamadas telefónicas, realización de fotocopias, atención ó público, pequenas tarefas de reparacións.

- Vixilancia e mantemento do edificio e das instalacións do centro, incluídas instalacións deportivas.
- Revisión diaria de que o recinto escolar permanezca en boas condicións e os equipamentos estean no seu sitio e as súas instalacións non sufran ningún percalce.
- Axuda a prevención do COVID-19, segundo as instrucións da Dirección do CEIP do colexio do Corgo.

#### **CUARTA.- REQUISITOS:**

##### **a) Comúns a todos os/as aspirantes**

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, de conformidade co establecido no artigo 56 do EBEP e no ART.50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP ser nacionais de Estados membros da Unión Europea ou calquera que sexa a súa nacionalidade aos cónxuxes dos españois ou dos nacionais de estados membros da UE, sempre que non estean separados de dereito nos termos establecidos no artigo 57 de EBEP.

b) Ter unha idade comprendida entre os 16 e os 65 anos.

c) Estar en posesión do carnet de conducir tipo B

d) Estar desempregado ou estar en situación de mellora de emprego

e) Posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para a o desempeño dos traballos, acreditándose a mesma mediante certificado médico.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder a mesma categoría profesional á que pertencía.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 2 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007).

Se non se pode acreditar este concreto requisito, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesaria superar a realización dunha proba do lingua galega, nos termos establecidos na cláusula cuarta.

h) Acreditar o título de graduado escolar ou equivalente

#### **QUINTA.- PROCEDEMENTO SELECTIVO**

##### **1. PROBA . (máx 10 puntos):**

**1º EXERCICIO:** de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá nunha proba escrita, tipo test de 40 preguntas, a desenvolver en 30 minutos, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido do programa especificado na convocatoria que figura no anexo I. Cada resposta correcta sumará 0,25 puntos. As preguntas non contestadas ou contestadas incorrectamente non restarán. Este exercicio puntuará ata un **máximo de 10 puntos**.

**2º EXERCICIO:** Consistirá na resolución dun caso práctico en relación co posto de traballo en base ao temario que acompaña a estas bases, proposto polo Tribunal a resolver polos candidatos no prazo dunha hora. Este exercicio puntuará ata un **máximo de 10 puntos**.

A cualificación será a media aritmética de puntuación outorgada por cada membro do tribunal, conforme aos seguintes criterios de valoración seguintes:

- a) Demostra que coñece o temario das bases e as funcións e cometidos do po traballo.
- b) Usa a terminoloxía correcta.
- c) Razoa a solución dunha maneira coherente.
- d) Ten claridade expositiva e de ideas e corrección ortográfica.

A cualificación de cada membro do tribunal será a suma das puntuacións que outorgue a cada un dos indicadores fixados, consonte ós seguintes intervalos:

| A   | B   | C     | D     |
|-----|-----|-------|-------|
| 0-5 | 0-2 | 0-1,5 | 0-1,5 |

A puntuación final do proceso selectivo virá determinado pola suma dos puntos obtidos no primeiro e segundo exercicio. Para superar o proceso deberase obter un mínimo de 8 puntos (suma dos puntos obtidos no 1º e 2º exercicio).

## **2. EXERCICIO COMÚN E OBRIGATORIO PARA TÓDOLOS CANDIDATOS QUE NON ACREDITEN O COÑECEMENTO DO GALEGO NO NIVEL CELGA 2 OU EQUIVALENTE:**

### **3º EXERCICIO: GALEGO:**

Común e obrigatorio para aquelas candidatos/as a calquera posto dos ofertados que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 2 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Os candidatos/as que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

## **SEXTA.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA E SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

**6.1 ANUNCIO DA CONVOCATORIA:** As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com) e na sede electrónica do concello do Corgo, [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal).

**6.2 SOLICITUDES:** As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura no anexo I da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello, ou na sede electrónica ([concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal)) no prazo de cinco **(5) días hábiles seguintes, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.** Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte, tamén poderase presentar na oficina de correos, na forma que se establece reglamentariamente e nos demais lugares que se indican no art 16 da Lei 38/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común. Se no prazo de 2 días hábiles a contar desde o seguinte á finalización do prazo de presentación non se recibe a solicitude, esta quedará rexeitada, polo que se recomenda a súa presentación no rexistro xeral das oficinas municipais do Concello do Corgo ou a través da sede electrónica [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal). No caso de presentar a solicitude noutro lugar ou por outro medio, o interesado deberá acreditar o dito envío, remitindo o mesmo día copia da solicitude ao fax 982302068 ou por mail a [concello.ocorgo@eidolocal.es](mailto:concello.ocorgo@eidolocal.es). Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

As solicitudes poderanse remitir, así mesmo, na forma indicada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de presentar a solicitude noutro lugar ou por outro medio, o interesado deberá acreditar o dito envío, remitindo o mesmo día copia da solicitude ao fax 982302068 ou por mail a [concello.ocorgo@eidolocal.es](mailto:concello.ocorgo@eidolocal.es). Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

Na solicitude, os aspirantes manifestarán que reúnen tódolos requisitos da convocatoria **e aportarán, xunto coa instancia,** a documentación seguinte, orixinal ou copia compulsada:

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia. Ás ou aos familiares dos anteriores, visado, e de ser o caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- Carnet de conducir tipo B.
- Declaración responsable, asinado polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para

empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso de persoal laboral.

No caso de ser nacional doutro estado, declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

d) Título de graduado escolar ou equivalente

e) Estar desempregado ou estar en situación de mellora de emprego

f) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 2 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007).

### **6.3 ADMISIÓN DE ASPIRANTES:**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e transcorridos dous días hábiles para recibir a documentación presentada en Correos ou en Rexistros diferentes ao deste concello, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, que se publicará no **taboleiro de anuncios do concello e na páxina Web** ([www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com)), admitindo ou inadmitindo aos solicitantes, indicando a causa de exclusión neste último caso, e abríndose **un prazo de dous (2) días hábiles para a subsanación de defectos**, contados a partir do seguinte ao da súa publicación nos referidos medios, para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de presentarse noutros rexistros diferentes ao do concello, as emendas deberán recibirse nun prazo máximo de 2 días hábiles contado a partir do seguinte ao de finalización do prazo anterior. Se estes prazos finalizaran en sábado entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Na publicación indícarase o nome e apelido, DNI dos aspirantes con catro cifras numéricas aleatorias do DNI, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Rematado o prazo de subsanación e transcorridos 2 días hábiles referidos anteriormente, ditarase resolución nun prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, a contar a partir do seguinte á finalización do prazo anterior, elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como os candidatos que teñan que realizar o exercicio de galego, e nela se sinalará a composición do tribunal cualificador. A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se aprobe e ordene a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

Non obstante, o feito de figurar na lista definitiva de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base segunda das presentes bases.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin da presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación, así como para a tramitación dos recursos tanto en vía administrativa como xudicial que se poidan interpoñer. Tamén se empregan para recabar información doutras Administracións públicas ou en cuestións referentes a empregados públicos (por ex: incompatibilidade).

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo, no de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

### **SÉTIMA- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

#### **7.1 Composición:**

De conformidade con canto se establece polo artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.
- Secretario: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.
- Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por Decreto do alcalde, e publicarase no taboleiro de anuncios, e na páxina web do concello ([www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com)) e sede electrónica [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal), (taboleiro de anuncios)

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores/as, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. A colaboración pode consistir na elaboración dos informes médicos e das probas físicas que sirvan para acreditar a aptitude física para o desenvolvemento do posto de traballo.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

## 7.2 Adopción de acordos:

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

Concluídas as probas, elevarase a proposta ao alcalde de candidatos que superen o proceso selectivo para que dicte a correspondente resolución de nomeamento de funcionario interino. En ningún caso a proposta dos candidatos que superen o proceso selectivo poderá exceder do nº de prazas convocadas. Así mesmo, elevarase proposta de bolsa de emprego válida a vixencia do PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO NO CEIP DO CORGO, FINANCIADO POLO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025."

O mesmo día de celebración das probas elevarase proposta dos candidatos/as seleccionados/as que vinculará á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poda proceder a súa revisión, consonte ao establecido nos Art. 106 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico de procedemento administrativo común das administracións públicas. Os seus acordos só poderán impugnarse de acordo coa Lei citada.

## 7.3 Data e lugar de constitución do Tribunal

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Na mesma **resolución na que se aprobe a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as se sinalará a composición do tribunal cualificador, a data e hora na que se constituirá fixando a data e o lugar de celebración das probas selectivas.**

## 7.4.- Abstención e Recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei da 40/2015, de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei

## **OITAVA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DOS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS.**

Os/as candidatos/as propostos/as deberán achegar no prazo de 3 días, a contar a partir do día da publicación no tablón de edictos da sede electrónica a seguinte documentación, salvo que xa a presentara anteriormente, xunto a instancia de participación:

- 1) Copia compulsada do DNI ou documento de identificación do extranxeiro ciudadano dun Estado membro da UE.
  - 2) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
  - 3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.
  - 3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.
- 4) Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.
  - 5) Título de graduado escolar ou equivalente.

6) Certificado da carencia de delitos de natureza sexual segundo os datos que consten no Rexistro Central de Delinquentes Sexuais

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

#### **NOVENA. NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesado/a, o alcalde o nomeará como funcionario/a interino/a a media xornada, conforme a lexislación vixente e ao amparo da financiación (subvención concedida pola Deputación Provincial con cargo ó plan deputación de cooperación cós concellos para o ano 2025).

#### **DÉCIMA. IMPUGNACIÓN.**

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **UNDÉCIMA.- RELACION DE APROBADOS**

O resultado final da oposición virá determinado do seguinte xeito: A puntuación final do proceso selectivo virá determinado pola suma dos puntos obtidos no primeiro e segundo exercicio. Para supera o proceso deberá obter un mínimo de 8 puntos (suma do exercicio 1º e 2º).

No suposto de empate na puntuación total de dous ou máis aspirantes, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no primeiro exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola puntuación obtida no segundo exercicio, e de persistir o empate, decidírase ao chou.

Finalizadas as probas selectivas, o tribunal fará pública a relación definitiva das notas obtidas polos aspirantes, que obtiveran a puntuación mínima esixida, pola orde da puntuación obtida, e só propoñerá a contratación do candidato que obtivera a maior puntuación. Esta relación xunto coa acta da sesión elevarase ao señor Alcalde.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes aos das prazas que se convocan con dotación orzamentaria.

**DUODÉCIMA.-** Os candidatos que superen as probas selectivas pero non acaden a puntuación para seren contratados integrarán unha lista ou bolsa de emprego, para futuras contratacións que se poidan realizar a consecuencia de baixas por incapacidade laboral ou outras circunstancias.

Esta lista estará vixente mentres dura este programa de emprego o abeiro do plan deputación de cooperación cós concellos para o ano 2025).

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- Protección de datos persoais**

1.- Os datos persoais proporcionados polas persoas interesadas para a solicitude de participación no proceso, así como aqueles outros que se recollan ou elaboren con motivo do desenvolvemento deste, serán tratados polo Concello de O Corgo na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de levar a cabo a tramitación e xestión do procedemento de selección e as actuacións que se deriven deste.

2.- A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd). Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas serán publicados conforme o detallado na base sexta desta resolución.

3.- As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento por motivos relacionados coa súa situación particular, a través no rexistro xeral das oficinas municipais do Concello do Corgo ou a través da sede electrónica [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal).

#### 4.- Información adicional

##### a) Prazo de conservación:

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigación legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. De conformidade co regulado no artigo 26 da LOPDGDD será lícito o tratamento por esta Entidade dos datos con fins de arquivo en interese público, sempre cumprindo coa normativa vixente de arquivos e documentación.

##### b) Inexistencia de decisións automatizadas:

Neste tratamento non se tomarán decisións automatizadas.

##### c) Dereitos en relación cos datos facilitados:

- As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, ao prazo de conservación dos seus datos, mesmo a obter una copia dos datos obxecto do tratamento.
- Así mesmo, ten dereito de rectificación dos datos se son inexactos.
- Os interesados teñen dereito á limitación do tratamento, para iso deberán de solicitalo ao responsable, o cal deberá de suspender o tratamento dos datos cando os cidadáns soliciten a rectificación ou supresión dos seus datos, ata que se resolva a súa solicitude.
- Os interesados poderán exercer o dereito de supresión (dereito ao esquecemento) sempre que se dean as circunstancias enumeradas no RGPD e segundo o regulado no artigo 15 da LOPDGDD.
- O afectado pode exercer o dereito de oposición ao tratamento, sempre por motivos relacionados coa súa situación persoal, coa excepción do que se acredite un interese lexítimo, ou sexa necesario para o exercicio ou defensa de reclamacións. Igualmente, cando o tratamento teña por obxecto a mercadotecnia directa.
- O interesado terá dereito á portabilidade a obter os datos nun formato estruturado, de uso común e de lectura mecánica, e a transmitilos a outro responsable do tratamento cando o tratamento estea baseado no consentimento ou se efectúe por medios automatizados

Os interesados poderán exercer os dereitos enumerados nos parágrafos anteriores, a través do rexistro xeral das oficinas municipais do Concello do Corgo ou a través da sede electrónica [concellodocorgo.sedelectronica.gal](https://concellodocorgo.sedelectronica.gal).

##### d) Reclamación ante a autoridade de control

Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou ben accedendo á súa sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>

#### **DÉCIMO CUARTA:**

Este programa esta financiado a través do plan deputación de cooperación cos concellos para o ano 2025da Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2025.

**ANEXO I.- Modelo de instancia:**

Dna./D ..... ,  
 con DNI ou documento de estranxeiro nº ..... , con domicilio aos efectos de notificación en ..... ,  
 nº de teléfono .....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo concello do Corgo para a contratación laboral de ..... (indicar o posto ao que se opta),

**DECLARO:**

1. Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.
2. Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás CC AA ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.
3. Que autorizo ao Concello do Corgo á publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao se a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO ser admitido/a para participar no referido procedemento selectivo comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte (riscar o que proceda):

- ☐ Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou tarxeta de estranxeiro.
- ☐ Permiso de conducir en vigor tipo B.
- ☐ Outra documentación: fotocopia do título CELGA 2 ou curso de iniciación.
- ☐ Acreditación de estar desempleado ou de mellora de emprego
- ☐ Título de graduado escolar ou equivalente

| INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS |                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|---------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsable</b>                    | Concello de O Corgo                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| <b>Finalidade do tratamento</b>       | Tramitación da solicitude de participación no proceso selectivo, avaliación da documentación presentada, xestión do proceso e realización dos trámites derivados del.                                                                                                                                         |
| <b>Lexitimación</b>                   | Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd) |
| <b>Comunicación de Datos</b>          | Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas serán publicados no Taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello                                                                                                                                                                        |
| <b>Dereitos</b>                       | Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle correspondan dirixindo a súa solicitude a no rexistro xeral das oficinas municipais do Concello do Corgo ou a través da sede electrónica concellodocorgo.sedelectronica.gal.                                   |
| <b>Contacto DPD</b>                   | dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| <b>Información adicional</b>          | Pode consultar máis información na cláusula décimo terceira das bases                                                                                                                                                                                                                                         |

En O Corgo, ..... de ..... de 20.....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO CORGO

Nota: No suposto de que o candidato/a que solicite participar no proceso selectivo teña algunha discapacidade, que por motivo da mesma precise ou necesite para a realización dos exercicios dalguna medida especial –que non lle inhabiliten para o exercicio das funcións descritas na base 2.2, **deberá indicalo en documento aparte que adxuntará a solicitude, debendo necesariamente aportar certificado do grado e tipo de discapacidade**, para que o tribunal poida adoptar as medidas necesarias, con carácter previo á realización das probas.)

## Anexo I

TEMA 1. Funcións e tarefas dos Ordenanzas e conserxes

Tema 2.- Información e atención ó público. Atención telefónica. Listíns telefónicos: confección, actualización e uso.

Tema 3.- Control e accesos

Tema 4 Apertura e peche de edificios e locais. Posta en marcha e parada de instalacións.

Tema 5.- Déposito, entrega, recollida e distribución de correspondencia e obxectos.

Tema 6 Almacenamento e traslado de materiais e enseres. Traslado de cargas

Tema 7 Manexo de máquinas reproductoras, multicopistas, fax, encuadernadoras e outras análogas. Traballos de oficina.

Tema 8.- Revisión e reposición de materiais, equipamentos e instalacións. Subsanación de anomalías e desperfectos que non esixan especial cualificación técnica.

Tema 9.-Descrición, funcionamento e mantemento básico de aparatos eléctricos: proxectores, sistemas de son, sistema de megafonía etc...

Tema 10 Prevención de riscos laborais.. Medidas preventivas e pautas de actuación ante incendios e emerxencias.

Tema 11 Protocolo de adaptación ao contexto do COVID 19 nos centros de ensino non universitario: medidas de protección básicas, medidas que afectan ás condicións laborais e medidas de carácter organizativo.

O Corgo, 1 de agosto de 2025.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2245

## LUGO

### Anuncio

## DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o acordo 9/302 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2024, de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2024.

Visto o acordo 10/857 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, de aprobación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna (obxecto de mesas xerais de negociación o 2 de novembro de 2023 e 13 de novembro de 2023).

Visto o acordo 12/192 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OFICIAL CONDUTOR/A MECÁNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2024), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de maio de 2025.

En base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24, o Decreto 2376/2025 de 11/03/2025 e o Decreto 2730/2025 de 19/03/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE OFICIAL CONDUTOR/A MECÁNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2024), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en

propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 12/192 aprobado pola Xunta de Goberno Local o 28 de maio de 2025, que seguidamente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de oficial condutor/a mecánico/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OPE 2024) do seguinte teor literal:

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OFICIAL CONDUTOR/A MECÁNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2024)**

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de oficial condutor/a mecánico/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OPE 2024), en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023.

2º.- **CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

a) Denominación da praza: oficial condutor/a mecánico/a

b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial
- Subescala: servizos especiais

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- **TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:**

- Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substituíron ás titulacións extinguidas.
- Estar en posesión dos permisos de conducir dos tipos A, C e D

5º.- **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo ([www.lugo.gal/portal/](http://www.lugo.gal/portal/)). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00 € de acordo coa ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e prezos públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo ca ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentas do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales, polo menos, tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.

c) Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.

d) Permisos de conducir dos tipos A, C e D

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

#### 6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución na que declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. É inenmendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

#### 7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

##### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias comúns e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 1 hora e media. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

##### B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ao disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello

de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

#### 8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1. Mantemento preventivo e correctivo de vehículos e maquinaria. Preventivo: inspeccións programadas para evitar fallas (control de fluídos, desgaste de pezas, axustes). Correctivo: solución de problemas detectados, substitución de pezas avariadas e restauración do rendemento óptimo.

Tema 2. Diagnóstico e reparación de fallas mecánicas. Métodos de diagnóstico mecánico e electrónico. Identificación de fallas recorrentes e solucións prácticas. Uso de escáneres OBD-II, osciloscopios e multímetros en sistemas modernos.

Tema 3. Motores de combustión interna. Funcionamento de motores diésel e gasolina. Compoñentes principais: bloque motor, cilindros, pistóns, válvulas, cegoñais etc. Ciclo termodinámico (Otto e Diésel). Mantemento de sistemas auxiliares: inxección de combustible, sistema de refrixeración e lubricación. Reparacións específicas como o rectificado de culatas, cambio de xuntas e sincronización.

Tema 4. Sistemas de transmisión. Transmisión manual: cambio de embragues, sincronización de marchas, axuste de pancas. Transmisión automática e CVT: diagnóstico de fallas, mantemento de válvulas solenoides, revisión de fluídos. Desgaste de eixos e engraxes, solución de problemas de vibracións e ruídos.

Tema 5. Sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos. Sistema de carga: alternadores e baterías. Sistema de arranque: revisión de motores de arranque e solenoides. Reparación de circuitos eléctricos, luces, sensores e actuadores. Diagnóstico con ferramentas modernas: interpretación de códigos de erro e diagramas eléctricos.

Tema 6. Sistemas de freado e seguridade activa/pasiva. Tipos de freos: discos, tambor, ABS, EBS. Diagnóstico de problemas: perda de presión, desgaste de pastillas ou discos. Reparación de compoñentes: cálipers, liñas hidráulicas e servofreos. Actualización en sistemas de seguridade activa (control de tracción, freado autónomo) e pasiva (coxíns de seguridade e cintos).

Tema 7. Suspensión e dirección. Tipos de suspensión: convencional, McPherson, pneumática e adaptativa. Revisión de amortecedores, resortes, buxas e barras estabilizadoras. Diagnóstico de sistemas de dirección hidráulica e eléctrica (EPS). Reparación de cremalleira e columna de dirección.

Tema 8. Sistemas de climatización e calefacción. Compoñentes principais: compresor, condensador, evaporador e termostato. Recarga e recuperación de gases refrixerantes conforme a normativas ambientais. Diagnóstico de fugas e solución de fallos en ventiladores ou condutos.

Tema 9. Normativa de seguridade laboral no ámbito mecánico. Uso adecuado de ferramentas e equipos de protección persoal (EPP). Procedementos seguros para manexar maquinaria pesada, elevadores e ferramentas eléctricas. Control de riscos laborais asociados a produtos químicos (aceites, refrixerantes).

Tema 10. Ferramentas manuais, eléctricas e pneumáticas. Ferramentas manuais: chaves, extractores, dinamómetros. Ferramentas eléctricas: trades, calibradores electrónicos, soldadoras. Ferramentas pneumáticas: pistolas de impacto, compresores. Procedementos para o seu mantemento e almacenamento.

Tema 11. Inspección Técnica de Vehículos (ITV). Normas aplicables segundo o tipo de vehículo (peso, emisións, luces e freos). Procedementos para preparar vehículos para inspección. Solución de defectos frecuentes detectados na ITV. Rexistro e documentación obrigatoria.

Tema 12. Xestión de residuos e protección ambiental en talleres. Clasificación, almacenamento e reciclaxe de residuos perigosos como aceites, filtros e baterías. Manexo adecuado de refrixerantes e gases contaminantes. Redución de emisións contaminantes en procesos de reparación.

Tema 13. Hidráulica e pneumática aplicada a maquinaria. Principios básicos de hidráulica: bombas, válvulas, cilindros. Diagnóstico de fallos en circuitos hidráulicos (fugas, perda de presión). Uso de pneumática en sistemas de freos ou suspensións.

Tema 14. Vehículos híbridos e eléctricos. Principios de funcionamento de motores eléctricos e sistemas híbridos. Mantemento de baterías de alta voltaxe (procedementos de seguridade). Reparación de investidores, motores e sistemas de recuperación de enerxía (KERS). Normas de seguridade específicas para vehículos eléctricos.

Tema 15. Interpretación de documentación técnica e manuais. Interpretación de esquemas eléctricos e diagramas de pezas. Manexo de software de diagnóstico e manuais dixitais. Seguimento de boletíns técnicos do fabricante para actualizacións e campañas de reparación.

Tema 16.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

**9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES**

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023), o tribunal cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes coa composición seguinte:

**Presidente:** un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica o u estatal) incluído o persoal docente.

**Vogais:**

Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

**Secretaria/o:** secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.

Á súa vez, será aplicable a instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

**10º.- LISTA DE RESERVAS**

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

**11º.- RECURSOS**

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

**SEGUNDO.-** Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE.”

**SEGUNDO.-** Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 25 de xuño de 2025.- A Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión, Ilma. Sra. dona Ana Mª González Abelleira, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude, Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permy Villanueva.

R. 2220

*Anuncio***DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2025, adoptou entre outros o acordo polo que se delegaron as competencias no Excmo. Sr. Alcalde para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos do expediente de contratación de servizos de colaboración coa Intervención Municipal do Concello de Lugo nas actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións e doutros traballos de colaboración incluídos nos plans anuais de control financeiro exp. ref. 2025-C003-000036.

Así mesmo en dita sesión se aprobou a delegación de competencias na Tenente de Alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes de contratación e autorización de dominio público relativos ás festas do San Froilán 2025.

Por todo o cal e con base ao sinalado no artigo 9 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para xereal coñecemento.

Lugo, 30 de xullo de 2025.- O Concelleiro Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude, por suplencia, Ana María González Abelleira.

R. 2221

*Anuncio***DECRETO**

Ilma. Sra. Dona Ana M<sup>a</sup> González Abelleira, Tenente de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

- Visto o acordo 9/302 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2024, de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2024.

- Visto o acordo 10/857 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, de aprobación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna (obxecto de mesas xerais de negociación o 2 de novembro de 2023 e 13 de novembro de 2023).

- Visto o acordo 11/191 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OPERARIO/A EN VÍAS E OBRAS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2024), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de maio de 2025.

En base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24, o Decreto 2376/2025 de 11/03/2025 e o Decreto 2730/2025 de 19/03/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE OPERARIO/A EN VÍAS E OBRAS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2024), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 11/191 aprobado pola Xunta de Goberno Local o 28 de maio de 2025, que seguidamente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de operario/a en vías e obras pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OPE 2024) do seguinte teor literal:

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OPERARIO/A EN VÍAS E OBRAS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2024)**

1º.- **OBXECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de OPERARIO/A EN VÍAS E OBRAS do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo

10/857 da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023. Foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, do 4 de decembro de 2023.

## 2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: operario/a en vías e obras
- b) Grupo de titulación: GRUPO AP (agrupacións profesionais)
- c) Outras características:
  - Escala: administración especial
  - Subescala: servizos especiais
  - Clase: persoal de oficios

3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

## 4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

Non se esixe titulación do sistema educativo.

## 5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo ([www.lugo.gal/portal/](http://www.lugo.gal/portal/)). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 10,80 € de acordo coa ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e prezos públicos” que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo coa ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentas do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales, polo menos, tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

## 6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. É inenmedable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

#### 7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

##### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de vinte (20) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias comúns e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 40 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 1 hora. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

##### B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ao disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

#### 8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Materiais e ferramentas empregados na construción así como o seu mantemento e limpeza.

Tema 2.- Saneamentos: elementos constitutivos das redes, arquetas, tubos, sumidoiros e embornais.

Tema 3.- Mantemento específico de tellados. Baixadas de augas pluviais, chemineas.

Tema 4.- Recebado: tipos, materiais empregados e execución.

Tema 5.- Encofrados. Materiais e execución.

Tema 6.- Construción de muros e tabiques. Elementos necesarios e método de realización.

Tema 7.- Illamento, corrección de humidades, revestimentos refractarios e reposición de azulexos e baldosas.

Tema 8.- Normas básicas de prevención de riscos laborais. Relación de EPIS para empregar na construción.

Tema 9.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

#### 9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023), o tribunal cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes coa composición seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1 ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica o u estatal) incluído o persoal docente.

Vogais: Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.

Á súa vez, será aplicable a instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

#### 10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reserva caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

#### 11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE.”

**SEGUNDO.-** Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 25 de xuño de 2025.- A Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión, Ilma. Sra. dona Ana Mª González Abelleira, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude, Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 2222

---

### Anuncio

#### DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

- Visto o acordo 9/302 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2024 de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2024.

- Visto o acordo 10/857 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023 de aprobación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna (obxecto de mesas xerais de negociación o 2 de novembro de 2023 e 13 de novembro de 2023).

- Visto o acordo 12/208 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2024), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de xuño de 2025.

En base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24, o Decreto 2376/2025 de 11/03/2025 e o Decreto 2730/2025 de 19/03/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2024), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 12/208 aprobado pola Xunta de Goberno Local o 4 de xuño de 2025, que seguidamente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de auxiliar administrativo/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2024) do seguinte teor literal:

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2024)**

**1º.- OBXECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a 2 prazas de Auxiliar administrativo/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre reservada a persoas con discapacidade, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, do 4 de decembro de 2023.

**2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

a) Denominación da praza: auxiliar administrativo/a

b) Grupo de titulación: C (subgrupo C2)

c) Outras características:

- Escala: administración xeral

- Subescala: auxiliar

**3º.- SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

**4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:**

– Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substituíron as titulacións extinguidas.

**5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo ([www.lugo.gal/portal/](http://www.lugo.gal/portal/)). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

A opción á participación no procedemento selectivo para as prazas reservadas para persoas con discapacidade terá que formularse na solicitude de participación da correspondente convocatoria. A súa condición de persoa con discapacidade deberá acreditarse coa certificación do órgano competente, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza. Todo isto deberá acompañar a solicitude de participación no proceso selectivo.

En todo caso, a persoa con discapacidade conserva sempre a posibilidade de optar entre a quenda libre e a quenda reservada.

Quen solicite participar pola cota de reserva de persoas con discapacidade unicamente poderán presentarse por esta cota.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) De acordo coa ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- c) Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.
- d) No caso de candidatas ou candidatos que accedan a prazas reservadas a persoas con discapacidade, a súa condición de persoa con discapacidade deberá acreditarse coa certificación do órgano competente, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza. Todo isto deberá acompañar a solicitude de participación no proceso selectivo.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

#### 6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución na que declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevada a definitiva.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. É inemendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

#### 7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

##### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias comúns e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 1 hora e media. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente, e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

#### B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración, estarase ao disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

#### 8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Municipios de gran poboación: o alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento.

Tema 2.- Municipios de gran poboación: as e os tenentes de alcalde. A Xunta de Goberno Local: composición e atribucións.

Tema 3.- Municipios de gran poboación: o Concello Pleno. Composición e competencias. As comisións informativas.

Tema 4.- Réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados locais.

Tema 5.- A potestade regulamentaria das entidades locais. Ordenanzas, regulamentos e bandos.

Tema 6.- O persoal ao servizo da Administración local: funcionarias/os propias/os das entidades locais. Integración en escalas, subescalas e clases. Dereitos e deberes.

Tema 7.- Os bens das entidades locais: a súa clasificación. Réxime xurídico dos bens das entidades locais.

Tema 8.- O acto administrativo: concepto e clases. Elementos.

Tema 9.- Eficacia dos actos administrativos. Notificación e publicación. Nulidade e anulabilidade.

Tema 10.- Finalización do procedemento administrativo: a obriga de resolver. O silencio administrativo.

Tema 11.- Dereito e obriga de relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Rexistros. Arquivo de documentos. Rexistros electrónicos de apoderamentos

Tema 12.- Os orzamentos das corporacións locais: elaboración, aprobación e execución.

Tema 13.- As facendas locais: recursos das facendas locais. Especial referencia a impostos, taxas e contribucións especiais.

Tema 14.- Os contratos das administracións públicas: delimitación dos tipos contractuais. Perfección e forma do contrato. Competencia en materia de contratación e normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

Tema 15.- Dereitos e deberes das e dos veciños no ámbito local: información e participación cidadá.

Tema 16.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

#### 9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023) o tribunal cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes coa composición seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica o u estatal) incluído o persoal docente.

Vogais: Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.

Á súa vez, será aplicable a instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

#### 10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

No caso de que algunha de persoas aspirantes con discapacidade que se presentou pola cota de reserva superase os exercicios e non obtivese praza na citada cota, sendo a súa puntuación superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, esta será incluída pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

#### 11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Portal de Transparencia, Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE."

**SEGUNDO.-** Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 25 de xuño de 2025.- A Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión, Ilma. Sra. dona Ana Mª González Abelleira, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude, Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 2223

### *Anuncio*

#### DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

- Visto o acordo 9/302 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2024 de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2024.

- Visto o acordo 10/857 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023 de aprobación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna (obxecto de mesas xerais de negociación o 2 de novembro de 2023 e 13 de novembro de 2023).

- Visto o acordo 13/209 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 3 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2024), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de xuño de 2025.

En base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24, o Decreto 2376/2025 de 11/03/2025 e o Decreto 2730/2025 de 19/03/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2024), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 13/209 aprobado pola Xunta de Goberno Local o 4 de xuño de 2025, que seguidamente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 3 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna (OEP 2024) do seguinte teor literal:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 3 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2024).

1º.- **OBXECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a 3 prazas de auxiliar administrativo/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna (OEP 2024), en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, do 4 de decembro de 2023.

## 2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: auxiliar administrativo/a

b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C2)

c) Outras características:

– Escala: administración xeral

– Subescala: auxiliar

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

## 4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

– Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substituíron as titulacións extinguidas.

Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substitúan as titulacións extinguidas.

– Ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade da escala de administración xeral pertencente ao grupo/subgrupo inmediatamente inferior, e ter unha antigüidade mínima de dous anos no grupo/subgrupo desde o que se promove.

## 5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo ([www.lugo.gal/portal/](http://www.lugo.gal/portal/)). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substituíron as titulacións extinguidas.
- c) Así mesmo, na solicitude de admisión ao concurso-oposición deberán alegar os méritos que posúan de entre os especificados na base décimo quinta das bases xerais anteriormente citadas e, acompañar á mencionada solicitude os certificados e títulos ou diplomas acreditativos de tales méritos, sen que o tribunal poida valorar méritos diferentes dos alegados na solicitude ou insuficientemente acreditados, e sen que proceda a concesión de prazos ós/ás solicitantes para a corrección de tales deficiencias.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

## 6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade das e dos aspirantes ao servizo do Concello, da súa condición de funcionarias ou funcionarios ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución na que declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presenta se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. É inemendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

## 7º.- FASE DE CONCURSO

A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polos/as aspirantes no momento da presentación de instancias.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

Os méritos serán valorados, segundo o establecido na base décimo quinta das bases xerais anteriormente citadas, de acordo co seguinte baremo:

1.- Antigüidade por servizos prestados como funcionarios/as de carreira, interino/a ou persoal laboral ao servizo das administracións públicas:

- por cada ano ou fracción superior a 6 meses: 0,15 puntos.

Para este cómputo, o período nos que os/as empregados/as utilizaran ou estean a utilizar unha licenza por maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares equiparase ao de servizo activo.

2.- Cursos de especialización: valoraranse os cursos impartidos e/ou recibidos nos últimos 15 anos e ata a data de publicación da convocatoria cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto e convocados polo Concello, a Deputación, o INAP, a EGAP, AGASP, universidades, organizacións sindicais ou outros axentes dentro do marco de acordo de formación para o emprego das administracións públicas, de acordo co seguinte:

- cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos.
- cursos de 21 a 40 horas: 0,20 puntos.
- cursos de 41 a 100 horas: 0,35 puntos.
- cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos, incrementándose 0,10 puntos por cada fracción de 100 horas, ata un máximo de 1 punto.

A realización dun mesmo curso, aínda que se refira a edicións distintas, será valorado unha soa vez, sendo valorado sempre o último realizado. Non se computarán aqueles cursos en cuxa acreditación non figuren horas nin créditos.

3.- Titulacións académicas: só se computarán as titulacións superiores da mesma rama de coñecemento que a titulación esixida para a praza e que proporcionen unha forma avanzada da especialización profesional ou adquisición de competencias sobre os estudos esixidos, segundo o seguinte baremo:

- Doutoramento: 3 puntos.
- Mestrado oficial universitario: 2 puntos.
- Grao ou licenciatura: 1,75 puntos.
- Diplomatura: 1,5 puntos.
- Ciclo superior de FP: 1 punto.
- Ciclo medio de FP: 0,50 puntos.

4.- Coñecemento da lingua galega:

- Curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente: 0,75 puntos.
- Celga 5, Curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente: 1,00 punto.

En todo caso, a fase de concurso terá unha puntuación máxima de 2 puntos.

#### 8º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

##### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 100 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 3 horas. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

##### B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ao disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello

de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación obtida na fase de oposición incrementárase coa correspondente á fase de concurso.

#### 9º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Municipios de gran poboación: o alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento.

Tema 2.- Municipios de gran poboación: as e os tenentes de alcalde. A Xunta de Goberno Local: composición e atribucións.

Tema 3.- Municipios de gran poboación: O Concello Pleno. Composición e competencias. As comisións informativas.

Tema 4.- Réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados locais.

Tema 5.- A potestade regulamentaria das entidades locais. Ordenanzas, regulamentos e bandos.

Tema 6.- O persoal ao servizo da Administración local: funcionarias/os propias/os das entidades locais. Integración en escalas, subescalas e clases. Dereitos e deberes.

Tema 7.- Os bens das entidades locais: a súa clasificación. Réxime xurídico dos bens das entidades locais.

Tema 8.- O acto administrativo: concepto e clases. Elementos.

Tema 9.- Eficacia dos actos administrativos. Notificación e publicación. Nulidade e anulabilidade.

Tema 10.- Finalización do procedemento administrativo: a obriga de resolver. O silencio administrativo.

Tema 11.- Dereito e obriga de relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Rexistros. Arquivo de documentos. Rexistros electrónicos de apoderamentos.

Tema 12.- Os orzamentos das corporacións locais: elaboración, aprobación e execución.

Tema 13.- As facendas locais: recursos das facendas locais. Especial referencia a impostos, taxas e contribucións especiais.

Tema 14.- Os contratos das administracións públicas: delimitación dos tipos contractuais. Perfección e forma do contrato. Competencia en materia de contratación e normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

Tema 15.- Dereitos e deberes das e dos veciños no ámbito local: información e participación cidadá.

Tema 16.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

#### 10º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023) o tribunal cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes coa composición seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.

Vogais: Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.

Á súa vez será aplicable a Instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

#### 11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Portal de Transparencia, Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE.”

**SEGUNDO.-** Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 25 de xuño de 2025.- A Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión, Ilma. Sra. dona Ana Mª González Abelleira, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude, Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 2224

### *Anuncio*

#### **DECRETO**

Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Ilmo. Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

- Visto o acordo 9/302 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 26 de xuño de 2024, de aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2024.

- Visto o acordo 10/857 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, de aprobación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna (obxecto de mesas xerais de negociación o 2 de novembro de 2023 e 13 de novembro de 2023).

- Visto o acordo 13/193 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE ORDENANZA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2024), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de maio de 2025.

En base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24, o Decreto 2376/2025 de 11/03/2025 e o Decreto 2730/2025 de 19/03/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE ORDENANZA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2024), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 13/193 aprobado pola Xunta de Goberno Local o 28 de maio de 2025, que seguidamente se transcribe:

“PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de ordenanza pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre reservada a persoas con discapacidade intelectual (OEP 2024) do seguinte teor literal:

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE ORDENANZA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2024)**

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a 1 praza de ordenanza do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre reservada a persoas con discapacidade intelectual, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023.

## 2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: ordenanza
- b) Grupo de titulación: AP (agrupacións profesionais)
- c) Outras características:
  - Escala: administración xeral
  - Subescala: subalterna

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

## 4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

Non se esixe titulación do sistema educativo.

## 5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo ([www.lugo.gal/portal/](http://www.lugo.gal/portal/)). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

A opción á participación no procedemento selectivo para as prazas reservadas para persoas con discapacidade terá que formularse na solicitude de participación da correspondente convocatoria. A súa condición de persoa con discapacidade deberá acreditarse coa certificación do órgano competente, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza. Todo isto deberá acompañar a solicitude de participación no proceso selectivo.

En todo caso, a persoa con discapacidade conserva sempre a posibilidade de optar entre a quenda libre e a quenda reservada.

Quen solicite participar pola cota de reserva de persoas con discapacidade unicamente poderán presentarse por esta cota.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) De acordo ca ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- c) Certificado de delitos de natureza sexual.
- d) No caso de candidatas ou candidatos que accedan a prazas reservadas a persoas con discapacidade, a súa condición de persoa con discapacidade deberá acreditarse coa certificación do órgano competente, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co

desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza. Todo isto deberá acompañar a solicitude de participación no proceso selectivo.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

#### 6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. É inemendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

#### 7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

##### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias comúns e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 1 hora e media. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

##### B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración, estarase ao disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

#### 8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

TEMA 1.- A guía de rúas da cidade de Lugo. Localización de dependencias municipais, organismos, edificios e centros públicos e de interese da cidade de Lugo.

TEMA 2.- A presentación de instancias e documentos nas oficinas públicas. Comunicazóns e notificacións. Correspondencia e paquetería: envíos e servizos postais.

TEMA 3.- O persoal ao servizo da Administración local: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades.

TEMA 4.- Información e atención ao público: presencial, telefónica e por medios informáticos. Técnicas de atención ao público.

TEMA 5.- Manexo de máquinas de reprografía e oficina: reprodutoras, multcopistas, fotocopadoras, fax, encadernadoras, destrutoras, centros de atención telefónica, impresoras, escáner, plastificado e outras análogas. Tipos de papel.

TEMA 6.- A Vixilancia e custodia de edificios: vixilancia da seguridade do edificio. Control de accesos. Servizo de consigna. Apertura e peche de edificios e locais.

TEMA 7.- Prevención de riscos laborais inherentes a un posto de ordenanza: os seus dereitos e obrigas. Medidas preventivas e pautas de actuación ante incendios e emerxencias.

TEMA 8.- Réxime de precedencias e tratamentos honoríficos. Preparación de reunións. Preparación de medios materiais.

Tema 9.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

#### 9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023), o tribunal cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes coa composición seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica o u estatal) incluído o persoal docente.

Vogais: Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.

Á súa vez, será aplicable a Instrucción para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

#### 10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

No caso de que algunha de persoas aspirantes con discapacidade que se presentou pola cota de reserva superase os exercicios e non obtivese praza na citada cota, sendo a súa puntuación superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, esta será incluída pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.

#### 11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Portal de Transparencia, Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE.”

**SEGUNDO.-** Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 25 de xuño de 2025.- A Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión, Ilma. Sra. dona Ana Mª González Abelleira, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude, Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 2225

---

## MONTERROSO

### *Anuncio*

Por decreto de Alcaldía de data 30/07/2025 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal de 01 posto de auxiliar enfermería a xornada completa con cargo o programa de reforzo do emprego 2025 da Excm. Deputación de Lugo e Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

- 1 posto de auxiliar enfermería a xornada completa (duración 6 meses).

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de **cinco días hábiles** contados a partir do seguinte ó da publicación do estrato das Bases no BOP de Lugo.

Monterroso, 30 de xullo de 2025.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2226

---

## RIBADEO

### *Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 23 de xullo de 2025 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **MAIO-XUÑO 2025**, exponse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 60 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga e coeficiente de vertedura directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga e coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Esta obriga aparece no artigo 49.7 do citado regulamento do canon da auga (Anexo do Decreto 136/2012)

Ribadeo, 28 de xullo de 2025.- O ALCALDE, Daniel Vega Pérez.

R. 2227

O SAVIÑO  
Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MC 6/2025. MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS E CRÉDITO EXTRAORDINARIO (EXP. 880/2025)

Rematado o prazo de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o 30 de xuño de 2025, no que se aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria 6/2025, na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, por un importe total de 1.285.191,58 euros, sen que se presentase reclamación algunha contra o mesmo, polo que se entende elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, e que se publica conforme ao disposto no artigo 169.3 do mesmo texto legal:

Suplementos en aplicacións de gastos

Orzamento de gastos

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA |           | DESCRICIÓN                                            | SUPLEMENTO DE CREDITO | CREDITO EXTRAORDINARIO |
|-------------------------|-----------|-------------------------------------------------------|-----------------------|------------------------|
| Progr.                  | Económica |                                                       |                       |                        |
| 450                     | 619       | MELLORA PLAZA ESPAÑA DE ESCAIRÓN                      |                       | 359.743,53             |
| 459                     | 619       | MELLORA FIRME VÍAS MUNICIPAIS                         |                       | 740.197,12             |
| 453                     | 619       | PLAN MARCO 2024-2025                                  |                       | 26.065,66              |
| 453                     | 619       | MELLORA CAMIÑO SANXUMIL                               |                       | 15.000                 |
| 171                     | 619       | PECHE DEVESA                                          |                       | 1.488,89               |
| 453                     | 619       | PLAN COOPERACIÓN DEPUTACIÓN 2025 (MELLORA CAMIÑOS)    |                       | 17.281,50              |
| 330                     | 619       | MELLORA AUDITORIO                                     |                       | 3.333,28               |
| 161                     | 619       | AUDITORIAS REDES SANEAMENTO                           |                       | 3.581,60               |
| 338                     | 22699     | FESTAS PATRONAIS E FESTA VENDIMIA                     | 35.000                |                        |
| 920                     | 22699     | Admón Xeral. Outros gastos diversos                   | 4.000                 |                        |
| 330                     | 22699     | Cultura. Outros gastos diversos                       | 4.000                 |                        |
| 150                     | 22103     | Admón xeral vivend. Combustibles e carburantes        | 2.000                 |                        |
| 150                     | 210       | Admón xeral viven. Infraest. e bens nat.              | 17.500                |                        |
| 920                     | 22602     | Admón xeral.Publicidade e propaganda                  | 2.000                 |                        |
| 920                     | 22001     | Admón xeral.Prensa,revistas y otros...                | 1.000                 |                        |
| 1623                    | 22799     | Tratamento residuos. Outros traballos por empresas    | 1.000                 |                        |
| 150                     | 213       | Admón xeral vivend. Maquinaria, inst. tec. e util.    | 6.000                 |                        |
| 231                     | 22799     | Asist. social primaria. Outros traballos por empresas | 45.000                |                        |
|                         |           | TOTAL GASTOS                                          | 118.500               | 1.166.691,58           |

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría do exercicio anterior, de acordo co seguinte detalle:

Suplementos en Concepto de Ingresos

| Concepto | Descrición                              | Euros        |
|----------|-----------------------------------------|--------------|
| 870.00   | Remanente Tesourería para Gastos Xerais | 1.285.191,58 |
|          | TOTAL INGRESOS                          | 1.285.191,58 |

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición. A interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

O Saviñao, 30 de xullo de 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2228

## XOVE

### *Anuncio*

Por medio do presente faise público que o Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2025, aprobou a modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2025-2027 do Concello de Xove, de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, cuxo texto completo pode consultarse no Portal de Transparencia do Concello de Xove (<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/4e21b796-ae6c-400d-ba27-f4db3e86a282/>) para o seu público acceso.

O que se fai público para xeral coñecemento, aos efectos legais oportunos.

Xove, 30 de xullo de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2229

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XERMADE

### *Anuncio*

CONVOCATORIA PREMIOS XIII TROFEO “D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ”

BDNS (Identif.): 849148

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/849148>)

CONVOCATORIA PREMIOS XIII TROFEO “D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ”

Por Resolución da Alcaldía numero 2025-0358 de data 29/07/2025, aprobáronse as bases e a convocatoria que se transcriben de seguido:

“BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS POR CLASIFICACIÓN NO XIII TROFEO “D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ”. EXPTE. 599/2025

O Concello de Xermade, no marco da Lei 7/85 do 2 de Abril Reguladora das Bases de Réxime Local, ten atribuídas competencias polo artigo 25.2 m) “Actividades ou Instalacións Culturais e Deportivas: ocupación do tempo libre; Turismo”, e en desenvolvemento de tales competencias, a concesión de premios por clasificación no XIII Trofeo de fútbol “D. Manuel González Fernández”.

A normativa aplicable será:

- Bases de execución do Concello de Xermade, exercicio 2025
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local
- Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Xermade

En tal sentido considérase preciso ditar normas, así como estruturar e fixar obxectivos, polas esixencias de axustarse aos principios de igualdade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia, eficiencia e non discriminación (art. 8.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións) na concesión de premios aos deportistas segundo a clasificación no XIII Trofeo de fútbol “D. Manuel González Fernández”, con cargo aos orzamentos municipais do exercicio 2025.

**Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.**

Poderán participar os equipos con sede no municipio de Xermade que estean federados. Os xogadores deberán ter a ficha actualizada.

Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente convocatoria as solicitudes que difiran do anteriormente exposto.

Os premios por clasificación serán os seguintes:

1º clasificado: 600 euros

2º clasificado: 525 euros

3º clasificado: 475 euros

4º clasificado: 450 euros

O trofeo xogarase os días 9, 10, 16 e 17 de agosto de 2025 nos campos de fútbol de Roupar, Xermade, Cabreiros e Cazás.

A Federación Galega de Fútbol rexerá o trofeo; os cambios serán os que especifica o regulamento (cinco) e en caso de empate na eliminatoria, resolverase na tanda de penaltis. En caso de dúbida, resolverá a Federación Galega de Fútbol.

**Artigo 2.- Documentación para a formalización das solicitudes de premios económicos.**

Os equipos que desexen participar deberán presentar:

- Impreso de solicitude (segundo modelo do anexo I), asinado polo representante do equipo
- Certificado da conta bancaria na que desexen que se lles ingrese o premio

A documentación presentárase antes do 8 de agosto de 2025 no Rexistro Municipal do Concello de Xermade, a través da sede electrónica.

**Artigo 3.- Procedemento de concesión, resolución e pago.**

A forma de concesión será en base á clasificación da proba elaborada pola Federación Galega de Fútbol, de maneira que se premiasen aos/ as clasificados/ as da competición consonte ao exposto no artigo 1.

Recibida a clasificación da Federación, a concellaría delegada de deportes elaborará un informe para a concesión dos premios correspondentes. O abono dos premios deportivos materializarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria que conste coa documentación entregada polo beneficiario.

O prazo máximo para a adopción de acordo por Resolución da Alcaldía-Presidencia da concesión de premios, obxecto desta convocatoria, será de trinta días desde a data de celebración.

Con carácter previo ao abono dos premios comprobarase de oficio pola Tesouraría municipal que os beneficiarios se atopan ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social.

**Artigo 4.- Dotación orzamentaria.**

Destínase un crédito de 2.050,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 342.489.

**Artigo 5.- Obrigas dos beneficiarios.**

Os/as beneficiarios/ as de premios do XIII Trofeo de fútbol “D. Manuel González Fernández” quedarán obrigados/as ao sometemento ás actuacións de comprobación que crea convenientes o órgano interventor do Concello de Xermade.

Os custes de arbitraje serán a cargo dos equipos participantes, así como o resto dos custes de organización do evento.

**Artigo 6.- Publicidade e notificación dos premios.**

A concesión dos premios publicarase na páxina web do Concello de Xermade, na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios . Así mesmo, darase conta á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Segundo o artigo 45.1. B da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a publicación da Resolución no taboleiro de anuncios do concello substituirá á notificación fornecendo os súas mesmos efectos.

**Artigo 7.- Réxime de infraccións e sancións.**

En materia de infraccións e sancións administrativas, estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia.

**Disposición final primeira.**

A presentación de solicitude de premio implica o coñecemento e aceptación destas Bases, da Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Xermade, e da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia, así como cantas normas sexan de aplicación a este tipo de subvencións, tanto de carácter directo como subsidiario.

**Disposición final segunda.**

Para o non regulado nestas bases, estarase aos disposto na Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Xermade, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia e o seu Regulamento, na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015 , do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Xermade, na data da sinatura dixital.

O técnico local de emprego

Ernesto Ares Yáñez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Visto e praxe,

A concelleira de deportes

Verónica Amarelo Morado

## ANEXO I

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

## XIII TROFEO DE FÚTBOL

"Manuel González Fernández"

ANO 2025

Datos da entidade/club participante:

Nome \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_

Concello \_\_\_\_\_ Código Postal \_\_\_\_\_

Datos do Representante:

Nome e Apelidos \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_, en calidade de \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_

Concello \_\_\_\_\_ Código Postal \_\_\_\_\_

Teléfono de Contacto \_\_\_\_\_ e Correo Electrónico \_\_\_\_\_

## DECLARA:

Primeiro.- O coñecemento e aceptación destas Bases, da Ordenanza Xeral Reguladora de subvencións no Concello de Xermade, e da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, e a Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia, así como cantas normas sexan de aplicación a este tipo de subvencións, tanto de carácter directo como subsidiario.

Segundo.- Que a entidade á que represento está ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social, e autorizo expresamente ao Concello de Xermade para obter os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria estatal, autonómica e Seguridade Social.

O/A representante

Xermade, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, de 2025"

---

\*NOTA: A todos os efectos, en caso de erro, terá prioridade o texto publicado na lingua cooficial.  
Xermade, 29 de xullo de 2025.- O Alcalde-Presidente, Roberto García Pernas.

R. 2230

---